

*Contos, lendas e mitos da auga na Limia e  
pequenas achegas.*

***Rafael José Adalid Rodríguez.***

*A todos aqueles que,  
sen máis beneficio que a satisfacción do creado,  
espallan a nosa cultura.*

## **A comarca:**

A demarcación da contorna de A Limia, está conformada polos Concellos de: Baltar, Os Blancos, Calvos de Randín, Porqueira, Rairiz de Veiga, Sandiás, Sarreaus, Trasmiras, Vilar de Barrio, Vilar de Santos e Xinzo de Limia.

Este territorio de cara ao exterior é recoñecido por multitude de actos festivos e celebracións reputadas como o entroido, no que o seu personaxe principal: A Pantalla, cobra vida e deambula polas rúas e prazas da vila limiá. Non en va, conforma con Laza e Verín o coñecido como Triángulo máxico. En Sarreaus o Vergalleiro tamén é a propia, mais hai outros carnavais xa case esquecidos, como en San Lourenzo (Porqueira), no que á figura representativa se lle denominaba: Frangalleiros.

Outras celebracións apreciadas, as cales se ven somerxidas baixo un manto de conmemoracións históricas son: A festa do esquecemento en Xinzo ou o combate entre mouros e cristián na Saínza (Rairiz de Veiga).

## **Do patrimonio á inmaterialidade.**

Se falamos sobre a conservación, divulgación e protección de elementos patrimoniais e culturais nesta comarca, diremos que hai estamentos que potencian o patrimonio cultural material, como os diversos museos atopados ao longo desta.

Un exemplo confórmao o Museo da Limia en Vilar de Santos, que entre outros espazos, recolle unha recompilación de técnicas e traballos tradicionais. Ao redor del, existe unha organización, formada polo seu consello asesor e a xunta directiva do museo, que se reúnen para realizar actividades, planificar a súa traxectoria... Desta forma teñen lugar as coñecidas como conversas na taberna, actividade coa que se propician conversacións e o encontro de persoas interesadas nunha determinada actividade ou asunto.

Infraestruturas recoñecidas como o Castelo de Sandiás, a Torre de Porqueira, o Castelo da Saínza... a máis de miliarios ou penedos entre outros moitos, conforman unha gran paraxe simbólica entorno ao gran elevado número destes elementos que garda a nosa comarca.

Se ben atopamos numerosas manifestacións do patrimonio, ao centrármonos de forma exclusiva na inmaterialidade e a naturalidade, podemos ver como se deixa de engarzar todo este tecido.

Mas tamén hai iniciativas particulares como a Arca da Noe, espazo lúdico cultural de Vilar de Santos, encargada de potenciar o patrimonio cultural nunha ampla vertente.

De vez en cando, aínda que xa menos, damos con narracións orais que abranguen non só aspectos relixiosos, se non tamén aspectos sociais e políticos da contorna e fóra dela. Mesmo unha conxunción das tres:

O Cura de Vigo é sastre,  
o de Cangas mariñeiro,  
o de Ourense afiador  
e o de Allariz zapateiro,  
o de Sandiás comunista,  
o de Couso brasileiro,  
o de Saa está casado  
e o de Parada gaitero.<sup>1</sup>

Desta transmisión, observamos as localidades de Sandiás e Couso, pertencentes ao concello que porta o nome da primeira localidade. Mais a antigüidade desta forma contada, contemplámola na última parte: Saa e Parada que pertencen ao concello de Vilar de Santos, no que o lugar co que comezamos citando foi abandonado de forma progresiva.

### **Contos, lendas e mitos.**

Se ben esta recolla xa é visible noutra publicación<sup>2</sup>, neste recuncho favoreceremos unha pequena análise, ademais dunha pequena actualización ou renovación destas formas orais tratadas, xunto con ditos non recollidos.

Cando nos centramos nesta comarca, cabe preguntarnos... Cales son as narracións máis recoñecidas desta comarca? Principalmente podemos remitirnos a dúas: Por un lado aquelas ás que sendo rapaces nos transmitiron, como a Lagoa de Antela, a máis doutras que aínda dan lugar a artes do espectáculo e que recrean sucesos históricos.

---

<sup>1</sup> Fonte oral: I. J. P., Castelaos (Vilar de Santos), 10 de setembro de 2016.

<sup>2</sup> Rafael José Adalid Rodríguez, "A mitoloxía galega relacionada coa auga. Análise de contido e aproveitamento como recurso en educación" (tesis de doutoramento, Facultade de Ciencias da Educación Ourense, 2020), 96-100.

Desta forma, un acto festivo no que se alude á chegada dos romanos a esta comarca, ten como principal protagonista ao río da Limia. Neste senso cómpre recordar como na mitoloxía grega, o río Lethes ou Letheo, o cal provocaba un esquecemento completo ao beber das súas augas. Porén, prodúcese unha identificación do río Limia co río do esquecemento, xurdida a crenza durante a incursión de Décimo Xuño Bruto e as súas tropas. Nacía o ruxe-ruxe de quen cruzase o río Lethes chegaría a perder a súa memoria. Cando chegaron as tropas ante o río, o medo dos soldados era latente. Bruto, foi o primeiro en cruzalo e demostrou por consecuenta a falsidade sobre esa crenza, chamando polos nomes de diversos soldados. Neste senso, formas desta información ou historia contada, pode ser consultada en diversos estudos ou publicacións.<sup>3</sup>

Así, debemos de comentar a permeabilidade que teñen todas as culturas. Ao longo da historia, producíronse intercambios culturais: Os diferentes pobos loitaron, expandíronse, e mesmo comerciaron entre eles. Estes sucesos, a máis outros como por exemplo as migracións, produciron esa pigmentación cultural entre varias culturas.

Ao remitirnos ás cidades asolagadas, a Lagoa de Antela convértese nun enclave importante polo que circulan moitas versións contadas. Desta maneira, a través das diferentes narracións que escoitamos e mesmo lemos ao longo dos anos, non deixa de sorprendernos a gran variedade de tradición oral que abrangue.

Un mesmo, receptor desta forma de tradición oral, trasladáronlle de cativo que o asolagamento foi como castigo diviño, ante a falta de xenerosidade dos/as seus/súas veciños/as, ao non dar cobizo máis que unha anciá a unha figura relixiosa, neste caso a Xesús. Tal e como así podemos ver noutros lados.<sup>4</sup> Outra versión manifesta que o afundimento foi producido por causa da idolatría dos/as veciños/as ao galo.<sup>5</sup>

Certos aspectos rechamantes das historias que se nos apuntaron, algúns xa coñecidos, cos que nos facemos son: O replicar das campás dende a cidade asolagada na noite de San Xoán, na que se conta que cantaba un galo todas as mañás, ou en días do inverno. Incluso se nos transmite

---

<sup>3</sup> Antonio Balboa Salgado, "O río Lethes: Entre o mito e a historia" *Lethes. Cadernos culturais do Limia* 1 (1999): 6-13; Gonzalo Xosé de Francisco da Rocha, *Xeografía real e mítica das augas de Galicia* (A Coruña: Bahía edicións, 2010), 72-3.

<sup>4</sup> Antonio Balboa Salgado, "A cidade asolada de Antioquía" *Lethes. Cadernos culturais do Limia* 8 (2006): 8-15; Xesús Taboada Chivite, "Las leyendas de la laguna de Antela", *Cuadernos de Estudios Gallegos* XXIV (1969): 227-8.

<sup>5</sup> Ladislao Castro Pérez e Manuel García Valdeiras, "O simbolismo do galo na lenda da cidade asolagada na lagoa de antela" *Lethes. Cadernos culturais do Limia* 1 (1999): 21. Neste artigo, tamén referencia outras verións da lenda.

que nela xurdiron posibles construcións, nas que apareceron elementos como trabes, as cales saíron na auga.<sup>6</sup>

A inmensidade de tradición oral que ocupou este elemento acuífero, é imaxinable dende o tratamento e a historia que remite á figura do Rei Artur, de forma máis concreta do seu exército.<sup>7</sup> Pasando por un conto da guerra civil que ten como protagonista á mesma lagoa, tal manifestación vennos contando que:

Chegou un camión de militares do bando nacional ao concello de Vilar de Barrio. Un veciño deste sitio, o cal soia usar a súa barca ou os bois para cruzala e pescar na Lagoa de Antela, pasou a formar parte do exército nacional, indo parar a un rexemento en Salamanca, onde toda a xente era do interior. Unha noite en Bilbao, escoitaron un ruído que asociaban ao armamento dos republicanos. Con medo, acamparon de noite, observando ao día seguinte que non eran os republicanos, se non as ondas do mar Cantábrico chocando contra os cantís. De estaren aliviados por non ter que entrar en guerra, colléronlle máis medo, pois era a primeira vez que moita desaxente vía o mar. De entre o grupo, saíu o veciño Vilar de Barrio, que diante deles lles dixo: Isto non é nada! Máis grande é a Lagoa de Antela!<sup>8</sup>

Porén, todo este trato traslada a grandiosidade da principal figura limiá, tanto polo respecto na que a presente foi tratada, como pola súa utilización ao longo da historia nas diversas narracións. Desta maneira, atopamos pois fragmentos relixiosos dos que se visualiza o valor social de axudar ao que o necesita, ademais de criticar a posibles idolatrías “pagás”, correndo o perigo de sufrir ese castigo diviño de non seguir coa doutrina. Outras pasaxes como a que alude á presenza do Rei Artur ou mesmo a historia da guerra civil son algúns exemplos de fixación de sucesos ou personaxes relevantes no maxín popular. Mesmo a aparición de certos días significativos como o de San Xoán, ou esas certas noites de inverno que nos poden trasladar á proximidade das Saturnais, é dicir do Solsticio de Inverno, poden non ser en van e gardar aínda reminiscencias do pasado non tan esquecidas.

A existencia de cidades asolagadas nas diversas crenzas populares, non deixa de ser un aspecto reiterado por diversas culturas. Algúns meros exemplos coñecidos confórmano ls ou Lyonesse na

---

<sup>6</sup> Fonte oral: I. J. P., Castelaos (Vilar de Santos), 10 de setembro de 2016.

<sup>7</sup> Xesús Taboada Chivite, *Ritos y creencias gallegas* (A Coruña: Ediciones Sálvora, 1980), 226.

<sup>8</sup> Fonte Oral: A. P., Ourense, 18 de decembro de 2018.

vertente atlántica europea. Na mitoloxía grega, fálase dos diluvios do Ogyges e o Deucalión en Atica, e na rexión prerto de Dodona e Aqueloo<sup>9</sup>, respectivamente.

Nun primeiro análise bibliográfico previo, no concello de Sandiás, damos con diferentes narracións sobre a auga, as cales levan por título: A fonte da Cruz de Cardeita, onde se cre que saía unha persoa vítima dun meigallo con aspecto dunha enorme serpe e portando un caravel na boca. A lenda da Fonte do mouro, A moura da fonte no mesmo municipio, ou en Baltar o Pozo das tres señoras, son narracións reunidas polo mesmo autor.<sup>10</sup> Nelas aprécianse feitizos, transformacións animais-persoas, así como a presenza de elementos de ouro.

Neste mesmo concello, na localidade de Piñeira de Arcos, fáláenos de que no San Xoán, na coñecida como fonte da castiñeira, saía unha señora de bastante beleza, encantada e rodeada de serpes.<sup>11</sup>

A lenda máis famosa, a cal nos rememora á infancia aos que somos de Vilar de Santos, é coñecida como lenda da Mariquiña, tal manifestación viña contando que: A unha rapaciña que habitualmente ía ao monte co gando aparecéuselle unha vella, que era a moura, a cal estaba a tecer nun penedo. Esta chamouna para que a espiollase e lle dese un vaso de leite. Agradecida pediulle o pano que portaba e co que se metera entre as rochas, devolveullo á rapaza coa condición de que non o podía mirar ata chegar a casa, tampouco descubrir quen llo dera. Dentro deste, cando mirou, había moedas de ouro. Seguiron durante un tempo coa mesma rutina. Ante a insistencia continua da nai, rematou a rapaza por confesarlle todo, rompendo o trato. Ao día seguinte, volvería a moza co gando ao monte, pero non regresaría.

No mesmo concello de Vilar de Santos, concretamente nas Casas da Veiga, cóntannos unha historia que narra o trascurso duns mozos que ían visitar a unhas mozas. Cando estes xa viñan de regreso, atopáronse cun cabalo, decidindo cruzar nel pola auga dun regato. No momento en que estaban no medio desta, o animal desapareceu, quedándose a xente mollada e metida na

---

<sup>9</sup> Henri D'Harbois de Jubainville, *El ciclo mitológico irlandés y la mitología céltica* (Barcelona: Visión libros, 1981), 19.

<sup>10</sup> Miguel Mosquera Paans, *Lendas de Ourense* (Ponte Caldelas: Edicións do cumio, 2011).

<sup>11</sup> Fonte oral: N. V., Piñeira de Arcos, 18 de xaneiro de 2019.

auga.<sup>12</sup> Unha historia paralela preto deste, pero noutro municipio da mesma comarca, recóllese na obra de Galicia encantada, exactamente en Porqueira.<sup>13</sup>

Fóra da gravadora, damos conta sobre a historia de Santa Marta, en Castelaos. A Santa, liberou ao pobo dunha gran serpe que atemorizaba aos/ás veciños/as, portando por consecuento o nome da Santa o lugar e tendo unha capela na súa honra.

Na parte de arriba deste concello, no pobo de Laioso, trasládase que, no lugar onde está a ermida de San Xoán, o mesmo santo presentouse por riba do penedo, propiciándose deste feito a construción da mesma. Tamén nos fala a mesma persoa do atrevemento que se debe ter entorno a unha fonte do monte, lugar do que emerxe unha cobra cun caravel ou cascabel: Dise que se alguén é capaz e llo dá quitado antes das doce sen que morda, o animal converterase nunha moza.<sup>14</sup>

Se ben, tres parágrafos atrás citabamos a localidade Porqueira. En San Lourenzo, maniféstase que existe unha cova, preto dos penedos que hai por alí; neles aparecía unha moura cos cabelos dourados, a cal peiteaba seus cabelos cun de prata. Do que nos achegan o seguinte dito:

Moura, mouraza;

dame da túa riqueza

e eu douche da miña pobreza.

A mesma persoa dános a coñecer que na ferverza do Fírbida, hai covas da que non se saben a onde conducen eses pasadizos, quizais, se nos apunta que a saír a algunha fonte. Amais de que na Forxa, se contaba a famosa lenda da trabe de ouro e de alquitrán<sup>15</sup>, o mesmo que no pobo abandonado de Saa en Vilar de Santos.

Trasladándonos cara Nocelo da Pena, Sarreaus, fáisenos saber que hai uns penedos dos que supostamente unha moura os trouxo na cabeza, volvéndose improdutivo o sitio por onde pasou. Transcende que un dos penedos está cheo de ouro e o outro de lume, mais ninguén é quen de

---

<sup>12</sup> Fonte oral: I. J. P., Castelaos (Vilar de Santos), 10 de setembro de 2016.

<sup>13</sup> Antonio Reigosa, *Galicia Encantada. O país das mil e unha fantasías*, 2ª ed. (Vigo: Xerais, 2016), 63-65. Historia contada por Antón Méndez.

<sup>14</sup> Fonte oral: Anónimo 1, Laioso (Vilar de Santos), 19 de xaneiro de 2019.

<sup>15</sup> Fonte oral: B., San Lourenzo (Porqueira), 9 de novembro de 2019.



atreverse a miralo por mor a equivocarse e que se queimase todo.<sup>16</sup> Tamén nos falan da narración coñecida como a da Pedra da Moura: Un día Cristo, vestido de mendigo, pediulle un anaco de pan e un outro de viño a unha señora que vivía na aldea da Pena. Non accedendo a dar o que lle pedira, Cristo castigouna por non ser misericorde, a todas as noites coller unha pedra que aparecería na porta da casa, a cal tiña que levala ao seu enclave. Tiña que collela, pola na cabeza e levala outra vez ao seu sitio, se non, morría.<sup>17</sup>

En Lamas, remitíndonos cara a capital da comarca, Xinzo de Limia, persiste a narración de que habitaba unha moura nos pozos do Limia. Esta dirixíase ao rapaz que se achegase, preguntándolle se quería ir no cribo ou na peneira. Se dicía no cribo levábase ao fondo do río, se era na peneira tiñas que ir buscar ao fondo do pozo mentres podías aproveitar a escapar, salvábase no caso de que se chegara a un cruce de camiños.<sup>18</sup>

Na zona de Calvos de Randín recóllese a misteriosa fonte das tres xuncas, a cal quen a desexa ver non a verá, mais entraña un perigo de atoparse con ela. Desta fonte, da que como se indica saen tres xuncas ou xuncos, dependendo pola/o cal se beba o destino pode non mudar ou facelo, converténdose en rico ou desgraciado para o resto da vida segundo o que escollese para hidratarse.<sup>19</sup>

José Rodríguez Cruz e Pilar Sevillano, recollen moitas lendas do coñecido como Couto mixto. Algunhas entorno a mouras e mouros en Meaus, no que se cre que persisten entre o denominado penedo da Campa dos Mouros e o penedo da Bicha<sup>20</sup>.

Un último apunte, en Vilar de Barrio, fálasenos das Xianas, fadas da auga que se aparecen nas fontes ou nos ríos os días vinculado a San Xoán. De gran beleza, encargábanse de coidar tesouros. Quen as vía namorábanse delas, pero antes de casar e poder gozar da riqueza, tiñan que pasar diferentes probas. Déixasenos entrever que un dos sitios onde se aparecerían da Limia

---

<sup>16</sup> Fonte oral: A. M., Lamas, 12 de xaneiro de 2019.

<sup>17</sup> Fonte Oral: A. P., Ourense, 18 de decembro de 2018.

<sup>18</sup> Fonte oral: A. M., Lamas, 12 de xaneiro de 2019.

<sup>19</sup> Antonio Reigosa e Xosé Miranda: *A flor da auga. Historias de encantos, mouros, serpes e cidades mergulladas* (Vigo: Edición Xerais, 2006), 88-89.

<sup>19</sup> Miguel Mosquera Paans, *Lendas de Ourense* (Ponte Caldelas: Edicións do cumio, 2011), 148.

<sup>20</sup> José Rodríguez Cruz e Pilar Sevillano, "O Couto Mixto lendas de tradición oral" *Lethes. Cadernos culturais do Limia* 7 (2006): 28-33.

sería en Arnui de, concretamente entre o camiño de Aldea de Abaixo cara Cancellós, onde está ponte Xidelas, na mesma zona de Xidelas.<sup>21</sup>

Nunha obra áulica como a do Dicionario dos seres míticos galegos<sup>22</sup>, aparecen recollidos e analizados seres. Neste espazo, damos con figuras empregadas para asustar ós/ás máis novos/as, coas que podemos facer paralelismos con algunha figura desta comarca; como da que se nos fala en Castelaos, Vilar de santos: Os/as maiores alertaban co Home do Sangue, que os podía levar, función tamén feita polo Coche do Sangue, cando apenas pasaban vehículos por esa zona.

Ademais, nas narracións que se nos contan, apreciamos características propias da Moura nova, a cal somerxida baixo algún feitizo, permítenos imaxinárnola transformada en serpe. Personaxes como a Moura vella, que nos rememora moitas veces ao conto de Sísifo, tendo que transportar estas penedos ou rochas dun lugar a outro.

Outro que se repite ao longo do territorio galego, damos con ese cabalo típico que se aparece, no que se montan uns mozos e remata por desaparecer entre as augas.

As Xianas, anteriormente comentadas, outros aspectos recorrentes e frecuente como o ouro e a prata, as trabes, a importancia da simboloxía do cruce de camiños, a loita ou rivalidade relixiosa con outras figuras, inclusive a importancia de números impares son apreciáveis na presentes historias.

---

<sup>21</sup> Fonte Oral: A. P., Ourense, 18 de decembro de 2018.

<sup>22</sup> Antonio Reigosa, Xosé Miranda, Xoán Ramón Cuba, *Dicionario dos seres mitolóxicos galegos* (Vigo: Edición Xerais, 1999).

## **Bibliografía:**

Adalid Rodríguez, Rafael José. 2020. A mitoloxía galega relacionada coa auga. Análise de contido e aproveitamento como recurso en educación . Tese de doutoramento., Facultade de Ciencias da Educación Ourense.

Balboa Salgado, Antonio. "O río Lethes: Entre o mito e a historia." *Lethes. Cadernos culturais do Limia 1* (1999): 6-13.

Balboa Salgado, Antonio. "A cidade asolagada de Antioquía." *Lethes. Cadernos culturais do Limia 8* (1999): 8-15.

Castro Pérez, Ladislao e Manuel García Valdeiras. "O simbolismo do galo na lenda da cidade asolagada na lagoa de antela." *Lethes. Cadernos culturais do Limia 1* (1999):14-25.

De Francisco da Rocha, Gonzalo Xosé. *Xeografía real e mítica das augas de Galicia*. A Coruña: Bahía edicións, 2010.

D'Harbois de Jubainville, Henri. *El ciclo mitológico irlandés y la mitología céltica*. Barcelona: Visión libros, 1981.

Mosquera Paans, Miguel. *Lendas de Ourense*. Ponte Caldelas: Edicións do cumio, 2011.

Reigosa, Antonio, Xosé Miranda e Xoán Ramiro Cuba. *Diccionario dos seres míticos galegos*. Vigo: Edición Xerais, 1999.

Reigosa, Antonio e Xosé Miranda. *A flor da auga. Historias de encantos, mouros, serpes e cidades mergulladas*. Vigo: Edición Xerais, 2006.

Reigosa, Antonio. *Galicia Encantada, O país das mil e unha fantasías*, 2ª ed. Vigo: Xerais, 2016.

Rodríguez Cruz, José e Pilar Sevillano. "O Couto Mixto lendas de tradición oral." *Lethes. Cadernos culturais do Limia 7* (2006): 28-33.

Taboada Chivite, Xesús. "Las leyendas de la laguna de Antela." *Cuadernos de Estudios Gallegos*, XXIV (1969): 227-8.

Taboada Chivite, Xesús. *Ritos y creencias gallegas*. A Coruña: Ediciones Sálvora, 1980.